

EDICTO

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 5 de abril de 2.017, aprobou inicialmente o presuposto xeral, as bases de execución, o cadro de persoal funcionario e laboral, e a relación de postos de traballo, para o exercicio económico de 2017.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 20 do Real Decreto 500/1.990 de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva na Secretaría deste Concello, por un prazo de 15 días hábiles, que comezará a contarse desde o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, coa fin de que durante o mencionado prazo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na páxina web do Concello www.concellodeverea.com e no taboleiro de anuncios do Concello.

No suposto de non presentarse reclamacións, o presuposto considerarase definitivamente aprobado.

Verea, 6 de abril de 2.016

O Alcalde

Asdo: Juan Antonio Martínez González

DOÑA MARÍA BLANCA RIVERA VÁZQUEZ, Secretaria do Concello de Verea.

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 5 de abril de 2.017, adoptou entre outros o seguinte acordo, que literalmente di:

2.- APROBACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL EJERCICIO 2.017

Acto seguido deuse conta do expediente tramitado para a aprobación no seu caso, do orzamento desta Entidade formado para o exercicio de 2.017, polo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, que contén os documentos que preceptúan os artigos 165 a 169 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2.004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 18 do Real Decreto 500/1.990 de 20 de abril.

Visto o informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de data 16 de marzo de 2.017, do que se deduce que a situación é de superavit.

Vistos os demais informe de Secretaría e Intervención, que constan no expediente de tramitación do orzamento.

Visto o escrito da Alcaldía de data 20 de marzo de 2.017, no que se propón ó Pleno da Corporación, a aprobación inicial do orzamento para o exercicio de 2.017, que ascende en ingresos á cantidade de 655.143,37 euros, e en gastos á cantidade de 655.143,37 euros, e outros extremos.

Tras a lectura da documentación que se cita e demais que integra o expediente do orzamento, previa a celebración da correspondente votación ordinaria, por 5 votos a favor (os dos Concelleiros do Grupo Político Partido Popular) e 3 en contra (os dos Concelleiros do Grupo Político Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas) o Pleno da Corporación ACORDOU:

Aprobar a proposta da Alcaldía de data 20 de marzo de 2.017, e polo tanto:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento deste Concello para o exercicio do 2017, xunto coas bases de execución do orzamento, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DENOMINACION DEL CAPÍTULO	PREVISIÓN DE GASTOS
1	Gastos de persoal	226.605,54
2	Gastos en bens correntes e servizos	189.717,46
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferenzas correntes	125.578,75
6	Inversións reais	113.241,62
7	Transferenzas de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS		655.143,37

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN INGRESOS
1	Impostos Directos	164.485,73
2	Impostos indirectos	8.304,45
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	67.795,12
4	Transferencias correntes	362.327,85
5	Ingresos patrimoniais	4.122,22
6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	48.108,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL INGRESOS		655.143,37

Segundo.- Aprobar inicialmente o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral, así como a relación de postos de traballo, para o exercicio de 2.017, segundo consta nos respectivos expedientes.

Terceiro.- Que se expoña ao público o orzamento municipal para o exercicio de 2.017, as bases de execución, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, por un prazo de 15 días, mediante anuncios no B.O.P. e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

Cuarto.- Que no suposto de non presentarse reclamacións, considerárase elevados a definitivos os acordos anteriores, debendo cumprirse o trámite de publicación do orzamento resumido por capítulos no B.O.P. e no taboleiro de anuncios do Concello, xuntamente co cadro de persoal e relación de postos de traballo, segundo dispón o artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1.986 de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2.004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Quinto.- Que se remita copia do orzamento, á Administración do Estado e Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no número 4 do artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

E para que conste, coas reservas do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Juan Antonio Martínez González, que asino e selo en Vereas, a seis de abril de dous mil dezasete.

Visto e Praxe
O alcalde

A Secretaria